

**INFORME ANÁLISE DAS TRAXECTORIAS  
PROFESIONAIS DE MULLERES NA  
UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Ano 2015**

Coordinadora: María M. Álvarez Lires

Equipo:

Iria Vázquez Silva

Carmen Armada Olleros

Xabier Álvarez Lires

# Índice

---

1. Introducción.....	6
2. Metodoloxía.....	6
3. Análise das entrevistas segundo os diferentes bloques establecidos no guión.....	12
3.1. Analizando unha carreira profesional desde o seu inicio. A elección de estudos.....	12
3.2. Como continuar formándose: compatibilizar estudos e traballo e escaseza de mentorías femininas.....	14
3.3. A traxectoria na Universidade de Vigo desde unha perspectiva de xénero: diferentes itinerarios e atrancos.....	16
3.4. A difícil conciliación da vida profesional e persoal.....	23
3.5. Análise da actividade investigadora.....	26
3.5.1. Dirección de proxectos de investigación.....	27
3.5.2. Estadías.....	27
3.5.3. Pertenza a asociacións profesionais.....	28
3.5.4. Participación en congresos.....	28
3.5.5. Convites para impartir conferencias.....	29
3.5.6. Publicacións.....	29
3.5.7. Dirección de teses de doutoramento.....	31
3.5.8. O sistema de sexenios.....	31
3.5.9. A investigación con perspectiva de xénero.....	34
3.6. A docencia na Universidade de Vigo.....	35
3.6.1. Tempo que levan impartindo docencia na Universidade.....	35
3.6.2. Departamentos aos que están adscritas.....	35
3.6.3. Dirección de traballos de fin de grao e de fin de mestrado.....	36
3.6.4. A afección pola docencia e as preferencias de docencia ou investigación.....	37
3.6.5. Que cambiaría na docencia.....	40
3.6.6. Calidades percibidas no alumnado.....	45
3.7. As xornadas laborais.....	47

3.8. A percepción dos sacrificios realizados .....	48
3.9. Como cren que lle afectou á súa traxectoria o feito de ser muller.....	50
3.10. Sobre a existencia das unidades de igualdade nas universidades.....	52
3.11. A que cren que se debe o feito de que na Universidade de Vigo non houbera nunca unha reitora e só nunha ocasión se presentase á elección unha muller.....	54
4. Resumo dos resultados, conclusións e propostas de mellora.....	58
4.1. Metodoloxía da investigación .....	59
4.1.1. Mostraxe cualitativa .....	59
4.2. Resultados da análise das entrevistas.....	60
4.2.1. A carreira profesional desde os seus comezos: a mobilidade social.....	60
4.3. Carreiras profesionais non lineais: compatibilizar estudos, traballo e maternidade.....	61
4.4. A traxectoria na Universidade de Vigo: de novo, a falta de mentoría feminina.....	62
4.5. Sobre os cargos de xestión.....	64
4.6. A súa actividade investigadora.....	65
4.7. A súa docencia.....	67
4.8. A súa traxectoria sería a mesma de ser home?.....	69
4.9. A existencia e a necesidade das unidades de igualdade nas universidades.....	70
4.10. A falta de reitoras nas universidades públicas e a escaseza de catedráticas.....	71
5. A modo de conclusións e propostas de mellora da situación.....	72
6. Bibliografía.....	75
7. Anexo. Guión da entrevista.....	77

# Índice

---

Táboa 1. Porcentaxe de PDI e PAS por sexo .....	7
Táboa 2. PDI por categoría e sexo .....	8
Táboa 3. Distribución de mulleres PDI por categoría .....	8
Táboa 4. PDI por categoría, ámbito e sexo .....	9
Táboa 5. PDI por ámbito de coñecemento .....	9
Táboa 6. PDI por ámbito, % de mulleres .....	10
Táboa 7. Volume de entrevistas realizadas por categoría .....	11
Táboa 8. Volume de entrevistas realizadas por ámbito .....	12
Táboa 9. Persoa(s) directora(s) de tese.....	16
Táboa 10. Categoría coa que entrou na Universidade de Vigo .....	17
Táboa 11. Idade ao entrar como docente na Universidade.....	17
Táboa 12. Modo de convivencia das entrevistadas .....	23
Táboa 13. Proporcionalidade de mulleres e homes titulares por cátedra na Universidade de Vigo...59	
Táboa 14. Reitoras e reitores nas universidades españolas .....	59

## 1. Introducción

---

O presente informe enmárcase no I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2012-2014):

Eixe 1. Compromiso da Universidade de Vigo coa igualdade de xénero

- Obxectivo estratéxico: afianzar e ampliar o compromiso da Universidade de Vigo coa igualdade.
- Obxectivo operativo 2: coñecer e facer visible a situación de mulleres e homes.  
Análise das traxectorias profesionais das mulleres na Universidade de Vigo.

Así, pois, o obxectivo deste informe é analizar traxectorias profesionais de mulleres na Universidade de Vigo.

Nesta ocasión optouse por investigar as traxectorias de profesoras da Universidade de Vigo, indagando as dificultades que toparon e coas que se encontran, así como as súas potencialidades.

As traxectorias profesionais das mulleres do persoal administrativo e de servizos requiren unha análise específica.

## 2. Metodoloxía

---

A metodoloxía empregada analizar as traxectorias profesionais das mulleres na Universidade de Vigo foi cualitativa. En concreto, realizáronse vinte entrevistas nos tres campus, en profundidade, a partir dun guión semiestruturado (véxase o anexo) a fin de rescatar discursos diversos. Elaborouse un guión, graváronse as entrevistas co permiso das entrevistadas e analizáronse os discursos. Respectouse o anonimato en todo momento ao eliminar dos discursos calquera elemento identificativo.

A perspectiva cualitativa caracterízase por tratar o estudo da construción social da realidade elaborada polas persoas nos seus actos de fala. Esta perspectiva trata de interpretar o dito ou o feito polas persoas desde o seu punto de vista. O paradigma fenomenolóxico entende o mundo como algo non acabado, en constante construción, na medida en que as persoas que o viven son capaces de modificalo e darlle significado. De aí o interese na observación e no rexistro da linguaxe natural.

O obxecto de estudo desta investigación, a análise da traxectoria profesional das mulleres na Universidade de Vigo, requiriu un enfoque cualitativo por unha razón fundamental

: tratar as dificultades e os apoios na propia traxectoria profesional precisa establecer un clima de confianza coa persoa interlocutora e remite a significados que van mudando e negociando no decurso da conversa.

O deseño da mostra cualitativa de profesoras partiu dos datos dispoñibles sobre PDI da Universidade de Vigo. Por este motivo, preséntanse en primeiro lugar os datos do PDI distribuídos por sexo, categoría e ámbito. Na táboa 1 expóñense os datos de PDI por sexo. Como se pode observar, o 40 % do PDI na Universidade de Vigo está constituído por mulleres, unha porcentaxe idéntica á do conxunto das universidades españolas.

Táboa 1. Porcentaxe de PDI e PAS por sexo

Tipo de persoal	Total	mulleres	% mulleres	estranxeiros/a	% estranxeiros/a	Servizo activo
PDI	1.415	570	40%	19	1%	1.398
PAS	680	410	60%	0	0%	678
<b>TOTAL</b>	<b>2.095</b>	<b>980</b>	<b>47%</b>	<b>20</b>	<b>0,95%</b>	<b>2.076</b>

Fonte: UVigo, persoal. Data: 31/12/2013

Non obstante, a distribución por categorías e por ámbitos é bastante heteroxénea. En primeiro lugar, expóñense os datos de PDI por categoría e sexo. É claro que as mulleres son minoría nas categorías máis elevadas, como a de catedráticas (un 26 % de mulleres do total de cátedras); tamén é inferior a presenza de mulleres na categoría de titulares (39 %). Pola contra, as mulleres son maioría en categorías como contratadas doutoras (52 %), axudantas doutoras (56 %) ou interinas (81 %). Un dato salientable é o de que na categoría de profesora asociada hai unha minoría de mulleres (14,7 %), circunstancia facilmente explicable porque ser asociada implica compatibilidade con outra actividade principal á que hai que sumar as responsabilidades familiares, como xa veremos a continuación.

Táboa 2. PDI por categoría e sexo

PDI por categoría e sexo	Total	mulleres	% mulleres	Doutoras/es	Total ETC
Catedrático/a de universidade	144	38	26%	144	143,27
Titular de universidade	589	228	39%	589	587,40
Catedrático/a de escola universitaria	27	10	37%	27	26,13
Titular de escola universitaria	91	31	34%	9	91,00
Titular de escola universitaria (laboral)	7	3	43%	1	6,27
Contratados doutores/as	233	120	52%	233	232,17
Axudantes	8	4	50%	2	8,00
Axudantes doutores/as	39	22	56%	39	39,00
Asociados/as	238	84	35%	25	49,67
Eméritos/as	2	1	50%	2	2,00
Lectores/as	3	1	33%		2,20
Interinos/as	32	26	81%	5	7,55
Visitantes	2	2	100%	2	2,00
<b>TOTAL</b>	<b>1.415</b>	<b>570</b>	<b>40%</b>	<b>1.078</b>	<b>1.196,65</b>

Fonte: UVigo, persoal. Data: 31/12/2013

Recollendo estes datos, e tendo en conta o volume total de mulleres docentes na UVigo, a súa distribución por categorías sería a seguinte:

Táboa 3. Distribución de mulleres PDI por categoría

Categoría	Volume	%
Catedrática	38	6,7
Catedrática de escola universitaria	10	1,8
Titular + catedrática de escola universitaria	238	41,7
Titular de escola universitaria	34	6,0
Contratadas doutoras	120	21,1
Axudantas	4	0,7
Axudantas doutoras	22	3,9
Asociadas	84	14,7
Eméritas	1	0,2
Lectoras	1	0,2
Interinas	26	4,6
Visitantes	2	0,4
Total	570	100,0

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da UVigo

Seguidamente, recóllese a distribución por sexo en cada ámbito. En ciencias da saúde (unha rama, como veremos, moi minoritaria) predominan as mulleres, cun 56 % do PDI, unha cifra que baixa en ciencias ata o 41 %; en ciencias sociais e xurídicas o 46 % é de mulleres, unha porcentaxe que diminúe de xeito substantivo nas enxeñarías, onde só o 23 % do PDI é muller. Por último, en artes e humanidades existe unha maioría de mulleres, cunha presenza do 52 %.


Táboa 4. PDI por categoría, ámbito e sexo

PDI por categoría, rama e sexo	CC da Saúde			Ciencias			CC Sociais e Xurídicas			Enxeñaría			Artes e Humanidades		
	Total	% mulleres	Total ETC	Total	% mulleres	Total ETC	Total	% mulleres	Total ETC	Total	% mulleres	Total ETC	Total	% mulleres	Total ETC
Catedrático/a de universidade	2	0%	2,00	59	29%	59,00	33	36%	32,27	36	8%	36,00	14	43%	14,00
Títular de universidade	10	22%	10,00	183	43%	183,00	145	46%	144,13	143	25%	142,27	108	42%	108,00
Catedrático/a de escola universitaria	1	0%	0,13	8	50%	8,00	8	38%	8,00	5	0%	5,00	5	60%	5,00
Títular de escola universitaria	2	0%	2,00	10	0%	10,00	38	53%	38,00	31	19%	31,00	10	50%	10,00
Títular de escola universitaria (laboral)				1	100%	1,00	5	20%	4,27				1	100%	1,00
Contratados doutores/as	4	75%	4,00	29	59%	29,00	98	54%	97,17	64	33%	64,00	38	68%	38,00
Axudantes							3	67%	3,00	4	25%	4,00	1	100%	1,00
Axudantes doutores/as	1	100%	1,00	1	100%	1,00	24	54%	24,00	12	50%	12,00	1	100%	1,00
Asociados/as	23	74%	3,43	7	0%	2,12	134	38%	27,40	54	7%	11,25	20	60%	5,47
Eméritos/as										1	0%	1,00	1	100%	1,00
Lectores/as													3	33%	2,20
Interinos/as	2	100%	0,53	4	100%	0,99	17	65%	4,13	4	100%	0,97	5	100%	0,92
Visitantes							1	100%	1,00				1	100%	1,00
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>56%</b>	<b>23,09</b>	<b>302</b>	<b>41%</b>	<b>294,11</b>	<b>506</b>	<b>46%</b>	<b>383,37</b>	<b>354</b>	<b>23%</b>	<b>307,49</b>	<b>208</b>	<b>52%</b>	<b>188,59</b>

Fonte: UVigo, persoal. Data: 31/12/2013

Ademais, para o deseño da mostra cualitativa foi necesario analizar a distribución de PDI da UVigo por ámbitos. Como se observa na táboa 5, o ámbito de ciencias sociais e xurídicas é o que concentra o maior volume de PDI, en concreto un 35,8 %. Séguenlle as enxeñarías, que aglutinan o 25 % do persoal docente e investigador; cómpre lembrar que este ámbito conta cunha presenza de mulleres moi baixa. En terceiro lugar en importancia sitúase o ámbito científico, cun 21,3 %. A continuación, cun 14,7 % do PDI, está o ámbito de artes e humanidades. Por último, e cunha presenza case anecdótica, está o ámbito de ciencias da saúde, cun 3,2 %.

Táboa 5. PDI por ámbito de coñecemento



Fonte: UVigo, persoal. Data: 31/12/2013

Estas porcentaxes varían de xeito substancial nalgún dos ámbitos se temos en conta o volume de docentes por ámbito e sexo. Así, obsérvase unha certa diferenza a favor das mulleres nos ámbitos das ciencias sociais e xurídicas e o de artes e humanidades. Non obstante, a diferenza máis importante é a que se dá no ámbito das enxeñarías, onde as mulleres se sitúan máis de dez puntos por baixo da porcentaxe correspondente ao ámbito.

Táboa 6. PDI por ámbito, % de mulleres

	Porcentaxe total	Porcentaxe de mulleres
Ciencias da saúde	3,2 %	4,4 %
Ciencias	21,3 %	21,7 %
Ciencias sociais e xurídicas	35,8 %	40,7 %
Enxeñaría	25 %	14,3 %
Artes e humanidades	14,7 %	18,9 %

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da UVigo

Tendo en conta estes datos de distribución de PDI, deseñouse a mostra para seleccionar as profesoras entrevistadas. Como é sabido, a mostraxe cualitativa non pretende a representación estatística da realidade, senón a representación tipolóxica socioestrutural correspondente aos obxectivos do estudo. Heteroxeneidade e economía son as referencias deste proceso de mostraxe cualitativa.

Así, o obxectivo ao seleccionar as entrevistadas era respectar unha certa heteroxeneidade en variables consideradas analiticamente relevantes (Valles, 1997). Esas variables que se consideran aquí analiticamente relevantes foron a categoría profesional, o ámbito de coñecemento e a idade. Nas vinte entrevistas realizadas respectouse unha heteroxeneidade nestas categorías e realizouse o traballo de campo nos tres campus da Universidade de Vigo.

Así, pois, a mostraxe elaborouse da seguinte maneira. Segundo as categorías relevantes para a análise: ámbito, categoría e idade.

- Segundo o ámbito: científico (6), tecnolóxico (4), xurídico-social (8) e artes e humanidades (2).
- Segundo as categorías académicas: catedráticas (4), titulares (8), contratadas doutoras (5), axudantas doutoras (2) e asociadas (2).

Optouse por sobrerrepresentar levemente o colectivo de catedráticas e o das profesoras do ámbito tecnolóxico (categoría e ámbito no que a representación de mulleres é menor).

- Segundo a idade: idades comprendidas entre os 37 e os 59 anos.

É preciso salientar o feito de que se seleccionasen oito profesoras que investigan en xénero, por tratarse dun campo pouco visible e que reviste características propias e dificultades específicas.

Na seguinte táboa-resumo 7 expóñense as entrevistas realizadas por categoría profesional.

Táboa 7. Volume de entrevistas realizadas por categoría

Categoría profesional	Volume de entrevistas	%
Catedrática	4	20 %
Titular	8	40 %
Contratada doutora	5	25 %
Axudanta doutora	1	5 %
Asociada	2	10 %

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas

Como se pode observar, seguindo a distribución de PDI da Universidade de Vigo, realizouse un número maior de entrevistas a profesoras titulares, figura maioritaria entre as mulleres docentes na UVigo, seguidas en segundo lugar polas contratadas doutoras e despois polas asociadas.

Non obstante, na mostra tomouse a decisión de sobrerepresentar as mulleres catedráticas debido ao interese por avaliar os obstáculos específicos que atopan as mulleres para acadar as categorías máis elevadas da Universidade; como é ben sabido, o volume de mulleres descende dun xeito drástico nesta categoría.

Por outra banda, con respecto á distribución das entrevistas por ámbitos de coñecemento, preséntase a táboa-resumo 8. Como se comentou arriba, o ámbito que aglutina máis mulleres é o xurídico-social, onde se realizou un maior número de entrevistas. En segundo lugar, o ámbito científico é outro dos que concentra un volume importante de mulleres, no que tamén se realizou unha porcentaxe elevada de entrevistas. Non obstante, decidiuse sobrerepresentar levemente o número de entrevistas realizadas no ámbito tecnolóxico, xa que é onde existe unha maior diferenza na presenza de homes e mulleres, polo que é un caso cunha importancia específica para a análise. O escaso número de PDI en ciencias da saúde levounos a non considerar neste estudo tal ámbito de coñecemento.

Táboa 8. Volume de entrevistas realizadas por ámbito

Ámbito	Volume de entrevistas	%
Xurídico-social	8	40 %
Científico	6	30 %
Tecnolóxico	4	20 %
Artes e humanidades	2	10 %

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas

### 3. Análise das entrevistas segundo os diferentes bloques establecidos no guión

---

De acordo cos diferentes bloques establecidos no guión da entrevista semiestruturada (anexo), realizouse a análise das entrevistas.

#### 3.1. Analizando unha carreira profesional desde o seu inicio. A elección de estudos

---

A análise da traxectoria profesional das profesoras arrinca nos estudos primarios e secundarios e na elección dos estudos superiores. En primeiro lugar, indágouse sobre o tipo de centros en que estudaron as mulleres entrevistadas para despois analizar como se desenvolveu o proceso de elección de estudos superiores.

Por unha banda, hai que sinalar que das vinte mulleres entrevistadas, nove realizaron os estudos de primaria e de secundaria en institucións privadas (a maioría de carácter relixioso), mentres que seis delas recibiron unha parte da súa formación en institucións públicas e outra en escolas privadas. Por último, unha minoría, só cinco das informantes recibiu toda a formación en centros públicos.

Con respecto á posibilidade de estudar o que se desexaba, unha ampla maioría das entrevistadas salienta que conseguiu estudar o que quería; este é un dato salientable e positivo (case o 90 %). Ademais, máis dun 70 % das profesoras afirma que a elección dos seus estudos foi vocacional, e que na súa maioría tivo o apoio da súa familia para poder estudar. As que non puideron estudar o que desexaban foi debido principalmente a motivos económicos, xa que o centro de estudo correspondente estaba moi lonxe da súa casa. Hai que ter en conta que

estudos como Belas Artes ou Ciencias Políticas e Socioloxía, por poñer algúns exemplos, non existían en Galicia, polo que o feito de ter que ir estudar fóra constituía un problema nada desprezable.

Non obstante, aínda que a maioría das informantes puido estudar finalmente o que desexaba, algunhas delas (máis do 20 %) sinalan que tiveron que superar barreiras importantes para facelo. Estas dificultades, como veremos a continuación, teñen un importante trazo de xénero, xa que en varios casos as carreiras elixidas non cadraban coas expectativas sociais e familiares. A continuación, móstranse algúns destes casos.

No seguinte fragmento podemos observar como a entrevistada, unha profesora do ámbito de ciencias sociais e xurídicas, puido estudar a carreira que desexaba a pesar de que a súa familia desexaba que estudase Historia e Piano. Como salienta a continuación a entrevistada, o máis difícil para ela foi convencer a familia para estudar fóra unha carreira que naquel momento non se podía cursar en Galicia:

Entrevistadora (E): ¿Qué quería su madre que estudiase?

Entrevistada: Historia y Piano.

E: ¿Y su padre?

Entrevistada: También, creían que era muy buen futuro.

E: ¿Las expectativas que sobre sus estudios tenía su familia estaban relacionadas con alguna profesión, actividad o deseo familiar?

Entrevistada: ¡A saber! (risas), quiero decir, que con Historia y Piano ya sabes lo que quiero decir no (risas), se ve un poco bastante claro.

E: ¿Dichas expectativas coincidían con sus deseos?

Entrevistada: No.

E: ¿Se sintió apoyada por su familia cuando eligió la carrera que estudió?

Entrevistada: Bueno, me lo permitieron, sí.

E: ¿Tuvo algún problema para estudiar la carrera que deseaba?

Entrevistada: Sí, convencer a mis padres de que me pagaran la carrera fuera de Galicia, eso fue lo peor.

En calquera caso, hai que sinalar que nas dificultades expresadas polas profesoras detectamos certas diferenzas en función do ámbito (científico, tecnolóxico, humanidades, artes ou ciencias sociais) que elixiron as entrevistadas.

Nas mulleres que optaron polo ámbito científico detéctase certa diversidade nos discursos recompilados. Nun dos casos recóllese a influencia fundamental que tivo o pai na escolla dos estudos científicos da súa filla: un pai cunha traxectoria tamén científica. Non obstante, outra

das informantes reconece que tivo que facer fronte na súa elección de estudos a barreiras sociais e familiares que lle dicían, como se pode observar a continuación, que facer unha carreira tecnolóxica era moi difícil e complicado, sendo máis acorde para unha muller, segundo as expectativas familiares, estudar algo relacionado co maxisterio. As carreiras tecnolóxicas e, en particular, a maioría das enxeñaría (Osborn, 2008) son un ámbito moi masculinizado en España e no mundo, un fenómeno que non se remite só ao pasado. A presenza de mulleres no acceso a estes estudos non avanza, senón que incluso retrocede desde o ano 2003 (Álvarez-Lires *et al.*, 2014):

Entrevistadora (E): ¿Pudo estudiar la carrera que deseaba?

Entrevistada: En ese momento sí, o sea, me planteé en COU probar una ingeniería; me asustaban con que era muy difícil, y yo decidí, yo tenía buenas notas; pero bueno aun así la universidad es complicada, decidí darme un plazo de un año, y si no salía bien, haría otra cosa.

E: ¿Qué quería su madre que estudiase?

Entrevistada: Mi madre quería que estudiase algo relacionado con magisterio... Ha salido con la suya ¡eh!, que doy clases (risas).

E: ¿Y su padre?

Entrevistada: Mi padre no se metía tanto en eso, pero si que la ingeniería le parecía muy complicado y que me estaba metiendo en un sitio muy complicado.

Neste sentido, hai que destacar que foron varias as entrevistadas que comentaron o feito de que as expectativas familiares estaban vinculadas ao ámbito do maxisterio. Pódese vincular aquí as citadas expectativas con certo trazo de xénero, que asocia as mulleres cun estereotipo de coidadoras de nenos e nenas.

### **3.2 Como continuar formándose: compatibilizar estudos e traballo e escaseza de mentorías femininas**

---

Como é sabido, a carreira académica require un investimento moi forte en formación: rematar os estudos superiores e continuar coa realización da tese de doutoramento.

Na realización dos estudos superiores, oito das vinte profesoras gozaron dalgún tipo de bolsa. Unha vez licenciadas detéctanse, entre as mulleres entrevistadas, dous itinerarios diferentes: as que continuaron os estudos de doutoramento con bolsas ou traballos dentro da Universidade, ou as que tiveron que compatibilizar a súa formación académica coa realización de traballos fóra da Universidade.

En concreto, das vinte mulleres entrevistadas, doce delas tiveron que compatibilizar a súa formación na carreira ou no doutoramento coa realización de distinto tipo de traballos, a maioría deles informais e precarios, como dar clases particulares, venda de produtos etc. Algunha entrevistada tamén compatibilizou o seu doutoramento con bolsas de traballo noutras institucións, administracións etc.

Do resto de informantes, oito delas obtiveron algunha bolsa de terceiro ciclo ou contrato na Universidade que lle permitiu continuar a súa formación académica dentro da propia institución.

Unha vez superados os cursos de doutoramento, paga a pena deternos no momento da lectura da tese, unha etapa crucial na traxectoria profesional das académicas.

Dadas as diferentes traxectorias profesionais das informantes, existe certa variedade con respecto a este momento da lectura da tese. Case o 70 % das entrevistadas comezou a realizar o doutoramento xusto despois de rematar os estudos superiores. Non obstante, dúas das entrevistadas están a elaborar na actualidade a súa tese de doutoramento.

Vaise examinar, agora, que acontece coas dezoito informantes restantes. Aínda que as idades de lectura e o tempo que transcorreu para rematar a tese varía bastante, existen algúns datos de interese que se repiten en moitos dos casos analizados. Para comezar, hai que sinalar que doce das profesoras non tiveran descendencia no momento de rematar a tese, e dez delas estaban solteiras. As seis informantes restantes tiñan fillos ou fillas, e varias profesoras salientaron as dificultades ás que tiveron ou teñen que facer fronte para poder rematar a tese e compatibilizala coa experiencia da maternidade. A seguir, recóllese a experiencia dunha delas na que compara a súa situación coa da súa parella:

Entrevistadora (E): Cal era a túa situación familiar ao rematar a tese?

Entrevistada: Casada, casada..., e embarazada de seis meses.

E: Cando liches?

Entrevistada: Eh, si... aí a presión dos fillos é moi importante, porque dúas persoas máis ou menos da mesma idade, co mesmo ciclo... Eu tiven moita máis presión por rematar a tese antes de ter os fillos do que a miña parella, que leu despois, eh..., e esa persoa estaba a tempo completo na Universidade, pero a miña presión era moito máis forte, porque a maternidade esixe unha dedicación que non permite ou si..., é moito máis complicado compatibilizalo cos estudos.

É de interese deterse na categoría dos ou das directoras de tese das informantes:

Táboa 9. Persoa(s) directora(s) de tese

	Persoa contratada doutora	Persoa titular	Persoa catedrática
Home	3	12	8
Muller	2	5	1

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas

Como se pode ver na táboa, o número de directores e directoras de tese é bastante elevado, dado que das vinte entrevistadas, dez delas tiñan varias persoas que exercían de directoras. En calquera caso, claramente destacan os homes titulares e catedráticos como directores de tese; en total, só oito mulleres participaron na dirección das teses das informantes. Isto ten relación co escaso número de mulleres catedráticas na Universidade, un volume que aínda era máis baixo hai unha ou dúas décadas. Como lembra Alberdi (1996), a presenza de mulleres tende a reducirse segundo se ascende de nivel, de categoría e de prestixio na universidade. A cúpula académica das universidades (o ámbito das cátedras) é eminentemente masculina.

É importante ter en conta que cando hai varias persoas codirixindo unha tese, é habitual entre as entrevistadas que o home sexa o profesor catedrático e a muller a profesora titular. Constatamos, polo tanto, a escasa mentoría feminina nesta etapa da traxectoria profesional, e a dificultade de tecer redes entre mulleres que están a comezar a súa carreira na Universidade con outras mulleres cunha traxectoria máis consolidada nela. A táboa anterior mostra como as informantes tiveron que moverse nun mundo académico bastante ou moi masculinizado.

En boa parte, como consecuencia disto, cando se lles pregunta ás entrevistadas polos apoios recibidos dentro da Universidade, as que salientan un apoio importante sinalan que nun 75 % a mentoría foi masculina, cun peso decisivo dos seus directores de tese.

### **3.3 A traxectoria na Universidade de Vigo desde unha perspectiva de xénero: diferentes itinerarios e atrancos**

Existe, entre as informantes, unha acusada diversidade no tipo de traxectoria profesional desenvolvida na Universidade de Vigo. Na seguinte táboa pódese consultar a categoría coa que entrou cada profesora na Universidade de Vigo.

Táboa 10. Categoría coa que entrou na Universidade de Vigo

Categoría	Volume
Bolseira	2
predoutoral	
Listaxe de contratación	1
Axudanta doutora	4
Axudanta non doutora	3
Asociada	3
Convidada	3
Visitante	1
Titular interina	2
Titular	1
<b>Total</b>	<b>20</b>

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas

Dado que as entrevistadas posúen categorías diferentes, tamén varían moito os anos transcorridos para acadar a categoría actual. Deste modo, puidéronse analizar traxectorias profesionais moi longas (once das vinte profesoras entrevistadas levan traballando na Universidade de Vigo máis de vinte anos), e outras traxectorias máis curtas, ao redor de cinco ou dez anos de dedicación á Universidade de Vigo.

Tamén, dada a diversidade de traxectorias analizadas, varía moito a idade destas mulleres ao entrar como docentes na Universidade de Vigo. Aínda que a maioría o fixo arredor dos 30-34 anos, un volume importante delas fíxoos entre os 25 e os 29. En realidade, estes dous intervalos de idade mostran dous itinerarios diferentes de entrada na Universidade: as mulleres que entraron como docentes na Universidade dun xeito moi rápido, ás veces sen ser aínda doutoras, fronte a outras mulleres que tardaron máis anos en acceder a un contrato coa Universidade, ou que realizaron outras actividades profesionais anteriores, ás veces alleas á Universidade.

Táboa 11. Idade ao entrar como docente na Universidade

Menos de 25	25-29	30-34	35-39	Máis de 39
2	6	9	2	1

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas

Ademais do tempo transcorrido para acadar a categoría que posúen na actualidade, semella de interese deterse nos atrancos e nos apoios que as informantes relatan na súa traxectoria.

A carreira académica, como se sabe, é moi esixente en tempo e enerxía de dedicación. Require estar formada para promover e ascender en función dos méritos obtidos. Nesta carreira pola mellora da categoría profesional e pola consolidación da situación profesional é preciso destacar na docencia e na investigación, obter boas publicacións e contar cun amplo currículo en estadías e proxectos de investigación.

Entre as informantes detéctanse diferentes etapas de grande investimento e sacrificio persoal na aposta pola vía académica. Este sacrificio obsérvase sobre todo nos períodos necesarios para consolidar a citada carreira académica ou nos períodos, entre as profesoras que foron ou son asociadas, nas que tiveron ou teñen que compatibilizar o traballo na Universidade cunha profesión ou un traballo fóra dela.

En total, das vinte entrevistadas, dezasete afirman que tiveron que facer fronte a diverso tipo de atrancos para continuar a súa traxectoria na Universidade. Tres delas expoñen dun xeito explícito, varias delas dun xeito máis implícito, que as cargas familiares (o coidado de fillos, fillas e ascendentes) e a presión familiar e persoal que sentiron ao respecto en momentos clave da súa carreira foi moi intensa.

As dificultades de conciliación foron especialmente duras para o caso das profesoras que tendo fillos e fillas viñeron desde outras comunidades autónomas a vivir a Galicia, polo que a súa incorporación á Universidade de Vigo se realizou sen ningún tipo de apoio familiar.

Como xa se ten dito, a carreira académica é unha secuencia de promocións e ascensos por méritos, o cal require un compromiso permanente e continuado no tempo, e aínda que moitas mulleres tentan compaxinar a súa actividade en ambas as esferas, ás veces isto vai acompañado de certas sancións familiares e sociais.

En xeral, a través dos discursos das entrevistadas detéctase unha tensión clara entre a dedicación á súa profesión e o coidado de fillos ou fillas, e ascendentes familiares. A xestión dos tempos non é sinxela e existen importantes puntos críticos neste sentido. A socióloga Sandra Acker (1994) afirma que as mulleres se moven entre dúas institucións voraces (Coser, 1974) que demandan, ao mesmo tempo e sen tregua, unha lealdade global: o traballo e a familia.

É claro que, a miúdo, a consolidación da carreira académica pasa por unha produción

investigadora importante e pola realización de estadias no estranxeiro, un eido conflitivo para as mulleres que teñen cargas familiares. Dúas das entrevistadas optaron por realizar as citadas estadias sen os seus fillos ou fillas, ou ben levándoos no verán. Non obstante, isto require unha rede familiar para poder realizalo e dispoñibilidade económica. En cambio, outra das nosas informantes relata o parón que supuxo o feito de ter fillos na posibilidade de realizar estadias fóra:

Entrevistadora (E): Fixeches algunha estadia?

Entrevistada: Si, este é un punto moi importante por unha razón, realizar unha estadia supón illarte no plano familiar, no plano social, en realidade ti vas fóra, a ter contacto con outra cultura, a outra universidade, con outros métodos; para poder facer isto, tes que ter unha vida persoal e familiar moi ben organizada... Na miña traxectoria é moi sintomático, eu fixen unha estadia antes de ser doutora e antes de ter fillos, e volvíñ facer estadias a partir de hai tres anos, é dicir, cando meus fillos xa tiñan unha certa autonomía, o salto vai de 1999 ata 2012, a min páreceme moi sintomático; eu podo saír unha semana, pero non podo saír un mes da miña casa... Iso creo que é moi sintomático. Eu creo que precisamente ese atranco non o ten nunca un home; teño compañeiros que se van de estadia un ano, que fan unha *posdoc*, teño xente de cooperación de Brasil, recibo colegas meus que veñen aquí por meses, e non importa, e son homes normalmente; esa é unha diferenza moi importante entre homes e mulleres. No plano da investigación, como atranco, é moi importante, por todo o teu contorno, de maneira que a figura da nai é fundamental, e se eu no futuro quixera facer unha estadia, que o estou a pensar, terei que levar a miña familia comigo, e non queres enfrontalos a algo así sendo moi novos... E eu non coñezo ningún home, os meus colegas que veñen de cooperación, a maior parte deles non traen a súa familia.

En calquera caso, unha ou outra opción, marchar ou quedar, pode ser vivido como unha renuncia nalgunha das esferas, profesional ou persoal. Como comenta a seguinte entrevistada, unha das cousas que deixou apartada polo seu traballo foi o tempo dedicado aos seus fillos:

Entrevistadora (E): ¿Tienes sensación de que dejaste algo apartado o que sacrificaste algo por tu trabajo?

Entrevistada: Mis hijos.

E: ¿En qué sentido?

Entrevistada: Pues que les dediqué menos tiempo del que debía. O sea, ahora a medida que, bueno, que ahora que los veo mayores, veo que me hubiera gustado disfrutarlos más, y los disfruté poco, ¿sabes?, o sea como que se me pasó su infancia.

Tal como se mostra nun estudo realizado por Kemelgor e Etzkowitz (2001) sobre as carreiras profesionais das mulleres na National Science Foundation, a disxuntiva que moitas deben enfrontar é a de adoptar unha estratexia altamente competitiva e masculinizada, renunciando a

unha vida persoal e familiar máis satisfactoria; ou ben tratar de sortear obstáculos para conciliar ambas as esferas renunciando, previsiblemente, ao éxito profesional.

Por outra banda, existe a dificultade de ter que conciliar unha actividade profesional intensa cunha vida familiar; tres entrevistadas salientan os discursos discriminatorios aos que tiveron que facer fronte dada a súa situación familiar. Estes discursos apoiábanse na mesma idea: as mulleres deben relegar a súa carreira a favor do coidado do seu marido ou fillos. Estes discursos proceden tanto de redes persoais como do ámbito universitario, e non se circunscriben só ao pasado, senón que temos exemplos actuais deste tipo de discursos:

Entrevistada: Eu incorporábame despois de ter fillos á [institución X], ao meu posto de traballo, e xurdiu esta oportunidade da Universidade, e todo o mundo, ao meu redor, dicía: «Ah! Para que queres traballar máis? Se agora tes un meniño na casa». E eu a reflexión que fixen foi a seguinte: se no canto de facerme a min, esta decisión tivese que tomala a miña parella, todo o noso contorno diría que bo pai, que por traer máis diñeiro á casa ou por..., estase esforzando; e aí foi o punto que dixen, porque dubidei bastante, non, eu teño o mesmo dereito que os demais, vouno aceptar, é unha opción, se eu quero nalgún momento dar clase na universidade, estas horas vanme vir xenial, pero tiven que tomar en frío a decisión, porque todo o que tiña ao redor, punto emocional que toca...; o tema emocional que che tocan e que ti te deixas levar, lembro como unha decisión moi fría, tiven que poñerme en frío para tomar a decisión, que pasaría se... Eu non teño por que renunciar, e ao final acertei...

Outra das entrevistadas relata un caso de discriminación intradepartamental:

Entrevistada: Houbo moito problema no departamento porque unha parte quería que a praza fose para un home, sen respectar ningún tipo de norma consuetudinaria (...) Un membro do tribunal dixo que volvese pola praza despois de criar a miña filla.

É dicir, os obstáculos que afrontan as mulleres non só se reducen ás difíciles posibilidades reais de conciliación, senón que teñen que ver tamén cos discursos discriminatorios de xénero nun contexto de poder masculino. Como sinala Acker (1995), o que a miúdo se pensa que é unha indecisión para buscar a promoción ou as posicións de influencia pode que non se deba (só) a formas de personalidade ou incluso responsabilidades familiares, senón ás dinámicas e dilemas da posición da minoría, filtradas a través das autopercepcións e as mesmas oportunidades.

Noutras investigacións en contextos universitarios chégase a unhas conclusións similares. Tomàs e Guillamón (2009) recollen na súa investigación discursos semellantes nos que os colegas masculinos teñen a convicción de que a necesidade de consolidar unha carreira profesional é máis forte no home que na muller.

Como sinala Marcela Lagarde (2005), aínda que as mulleres internamente van resolvendo os conflitos que xorden nas súas vidas persoais e profesionais, son recolocadas permanentemente para poñerse en función do servizo, da obediencia, da capacidade dadora, da capacidade nutricia, da capacidade protectora, e de toda esta chamada ética do coidado.

Outros atrancos que salientan as profesoras que participaron no estudo teñen que ver con problemas políticos (de micropolítica universitaria) no centro ou no departamento, e con dificultades para acadar carga docente suficiente na súa área que lles permita promover e consolidar a súa situación como profesoras.

Con respecto aos apoios recibidos nas súas traxectorias dentro da Universidade, como dixemos máis arriba, destacan nun 75 % os directores de tese das entrevistadas. Outros apoios recibidos apuntan a algunha muller directora de tese e directora de departamento ou coordinadora de área. En calquera caso, sorprende o feito de que un 20 % das entrevistadas comente que non recibira ningún tipo de apoio dentro da Universidade.

Esta circunstancia obriga a reflexionar sobre a falla de apoio nas carreiras profesionais das mulleres, sobre todo nun ambiente masculinizado como o universitario. Este debe ser un dos eixes que cómpre ter en conta de cara a mellorar as traxectorias das mulleres dentro do ámbito universitario.

Ademais das dificultades e dos apoios relatados polas profesoras, tamén se recolleron na análise os cargos de xestión ocupados polas informantes.

Como recolle Jiménez (2003), a análise da distribución por xénero dos cargos directivos nas universidades reviste un interese crucial para comprender a problemática das mulleres na nosa sociedade, polo carácter xenuíno que neste sector teñen estes cargos: á vez que cumpren funcións organizativas e de xestión dunha universidade, a algúns deles accédese por medio de procesos electorais, de modo que a súa ocupación reflicte non só a participación de mulleres e homes na dirección do traballo, senón tamén a asunción de compromisos políticos na vida cotiá das universidades. A referencia para analizar estes cargos remite tanto ás reflexións sociolóxicas sobre a presenza do xénero nos postos de autoridade no mundo do traballo como ás máis especificamente centradas na participación de mulleres e homes en procesos electorais e en cargos políticos institucionais.

Das vinte profesoras entrevistadas, doce ocuparon cargos e oito delas non ocuparon ningún tipo de cargos. As mulleres que ocuparon, ou ocupan algún tipo de cargo, teñen categoría de contratada doutora, titular ou catedrática. Pódese detectar, polo tanto, que as persoas que

acceden a cargos dentro da Universidade contan cunha certa estabilidade laboral. Certamente, non todos os cargos son iguais en canto a remuneración, visibilidade e prestixio ou desconto horario na docencia. Entre as entrevistadas hai mulleres que foron vicerreitoras, secretarias do departamento, directoras ou subdirectoras de escola, secretarias de facultade, directoras de departamento, secretarias de centro ou coordinadoras de área.

A vivencia destes cargos é diversa: a maioría das profesoras salienta que foi unha experiencia positiva de aprendizaxe desde o punto de vista persoal e profesional polo coñecemento da xestión e o traballo en equipo que lles achegou a ocupación do cargo. Non obstante, ao mesmo tempo, tamén se destaca que aínda que os cargos de xestión rebaixan a carga docente, a carga investigadora mantense, polo que os horarios e o traballo aumentan de xeito significativo. Por outra banda, as presións políticas tamén se destacan como unha das experiencias negativas na ocupación de determinados cargos. De novo, como se pode ler no seguinte fragmento, a conciliación coas cargas familiares expónse como unha dificultade máis para desenvolver os cargos de xestión:

Entrevistada: Es muy interesante para el desarrollo personal y profesional; para mi es mucho, pero profesional porque conozco la gestión universitaria... La verdad es que cuando solo eres profesora estás completamente al margen, no eres consciente muchas veces de lo que supone desenvolver y hacer que la facultad funcione, y a nivel personal porque me supuso un reto, son más horas probablemente, porque la carga docente sí que baja pero no baja la investigadora; entonces tener que compatibilizar la actividad investigadora con la gestión, aunque tengo menos docencia, con la docencia, y la vida personal con ser madre y todas estas cosas, porque si que es complicado.

As dificultades que teñen que afrontar as mulleres para ocupar postos de representación e, en xeral, postos de dirección, alentou na década dos oitenta a teoría do «teito de cristal», metáfora que se emprega para referirse a todas as barreiras invisibles que moitas mulleres atopan no mundo laboral, polo feito de seren mulleres; e que implican unha discriminación vertical que se aprecia ao comprobar como diminúe a proporción de mulleres a medida que se ascende na pirámide da organización, un fenómeno que tamén se denomina «chan pegañento», xa que parece que as mulleres camiñen polo chan, a base da pirámide, que as atrapa e non lles permite desprenderse del para acceder a posicións superiores (Tomás e Guillamón, 2009).

Certamente, a rotura dese «teito de cristal» depende tamén dos ámbitos que se analicen. Hai áreas nas que o importante volume de profesoras estoupou o teito de cristal, tal e como

expresa graficamente a seguinte entrevistada:

Entrevistada: Temos decanas, temos vicedecanas, temos un secretario, non..., neste centro a verdade que é un mundo..., tamén é pola presión. Hai tal cantidade de mulleres que estoupou o teito de cristal, entón xa non hai, pero é un dos poucos espazos, porque neste momento a reitoría ten, ten, eh..., equidade, por lei de igualdade, pero cando entrei na Universidade..., eran todos homes, menos a secretaria xeral de universidade, un reitor home, seis ou sete vicerreitores homes todos, e só unha muller no equipo que era a secretaria xeral. Non estou falando de hai trinta anos, estou falando dos anos 2000, 2001, 2003, de antes da Lei de igualdade; entón iso é moi sintomático, digo, creo que o meu centro é unha excepción, é unha excepción...

Por outra banda, no discurso desta entrevistada tamén se salienta o cambio que se produciu na visibilidade das mulleres nos equipos reitorais na Universidade de Vigo a partir do ano 2000, aumentando de xeito significativo a súa participación.

### 3.4. A difícil conciliación da vida profesional e persoal

Ao longo deste apartado analizarase como as mulleres entrevistadas concilian a súa vida profesional, persoal e familiar. Para comezar, na seguinte táboa preséntase o modo de convivencia das profesoras entrevistadas.

Táboa 12. Modo de convivencia das entrevistadas

	Vive soa	Vive coa parella	Vive coa parella e fillos ou fillas	Vive con fillas ou fillos	Vive coa nai
Número	4	1	12	2	1

Fonte: elaboración propia a partir das entrevistas

Como se pode observar, a maioría das mulleres entrevistadas convive coa súa parella e cun ou varios fillos e fillas. Aínda que tamén existen outras formas familiares, como as mulleres que viven soas cos seus fillos ou fillas, ou soas, en parella ou con ascendentes.

Tras preguntarlles polo reparto das tarefas domésticas e de coidado, son moitas as entrevistadas, en concreto once delas, que sosteñen que teñen contratada axuda externa. A contratación de axuda para as tarefas domésticas é un fenómeno analizado na literatura específica. Hai que sinalar que a incorporación das mulleres ao mercado laboral e a súa loita – frutífera xa en moitos casos– polo recoñecemento do seu traballo non se viu acompañada dun

reparto dos labores reprodutivos entre os membros da unidade doméstica, razón pola cal se recorreu ao servizo doméstico como substitución da ama de casa nas tarefas do fogar. Noutras palabras, a incorporación das mulleres ao público non provocou que os homes asumisen parte das tarefas no ámbito do privado, o cal explica a demanda de man de obra para cubrir este traballo. Estas mulleres profesionais de clase media acudirán ao emprego de traballadoras domésticas e traballadoras «do coidado» como unha estratexia de supervivencia para resolver a presión da dobre xornada e co fin de paliar os conflitos na parella (Verde e Vázquez, 2010).

Por outra banda, máis do 30 % das entrevistadas sinala que son elas as que se encargan soas ou case soas das tarefas relacionadas co fogar e co coidado de familiares. Este dato non sorprende, xa que nas enquisas de uso do tempo (véxase a Enquisa de emprego do tempo, 2009-2010, INE) seguen a ser as mulleres as que destacan amplamente no tempo dedicado ao fogar.

En relación co antedito, sete das entrevistadas, é dicir, o 43 % que non vive soa afirma que tivo dificultades salientables na conciliación. A maioría destas dificultades teñen que ver coa crianza de fillos e fillas, sobre todo nas idades temperás.

Para algunhas das entrevistadas, o coidado de nenos e nenas pequenas é difícil de conciliar cunha vida docente e investigadora intensa. Por exemplo, no seguinte fragmento podemos observar as dificultades dunha profesora para manter unha vida docente activa e o coidado da súa filla, engadindo ademais os problemas de traballar e vivir en cidades diferentes:

Entrevistadora (E): ... ¿Hubo algún problema para compatibilizar la crianza de sus hijos e hijas con su trabajo?

Entrevistada: A ver..., mi niña tenía muy pocos años cuando yo empecé a dar clases en la Universidad de Vigo, por ejemplo; entonces tenía que ir y venir, pues viví muchos en Y, y tenía y tenía que ir, todavía lo sigo haciendo por momentos, tenía que ir y venir y entonces no teníamos un tren que nos ponía en treinta y seis minutos ni teníamos unas carreteras que nos permitieran estar en hora y media, como mínimo dos horas para allá y dos horas para aquí. Entonces no tuve tanta presencia en el centro como podría, por ejemplo, como me correspondía, y yo pienso que eso no es bueno para ningún docente; eso no quiere decir que no dedicara muchas horas a mi labor investigadora porque prueba de ello es la investigación que se hizo, pero mucho en casa, y sin ese contacto con los compañeros, eso siempre limita. Y siempre tener que dejar una niña porque la única que tuve, probablemente por eso, dejarla tantas horas, catorce, quince horas, y si pasaba algo pues no sabías...

Unhas dificultades que se incrementan aínda máis para as mulleres que non tiveron ou teñen unha rede familiar próxima. De feito, catro das entrevistadas destacan a importancia que tivo

a axuda familiar para poder conciliar o coidado dos seus fillos e fillas pequenas coa súa carreira profesional. Esa axuda familiar procedía principalmente do apoio das nais, tamén dos pais, irmás e sogras. Un bo exemplo é o seguinte discurso:

E (entrevistadora): Tuviste algún problema con el tema de tus hijos, y compatibilizar todo esto, tu carrera tan intensa en investigación, ¿no?

Entrevistada: No, no tuve. Tuve una madre siempre, unos padres, hasta que mi padre se murió, los dos, y cuando mi madre, cuando... vamos... mi madre siempre ha estado ahí... o sea que... y aún ahora, o sea, quiero decir, aún siendo mayor todavía sigue dándole de comer a mis hijos y a mi marido, o sea que, no, no tengo..., nunca he tenido problemas.

Ao mesmo tempo que se destacan estas dificultades na conciliación, son varias as informantes que salientan o desexo de non renunciar ao coidado dos seus fillos e fillas, e a reivindicar o poder dedicarlle tempo. Así, de novo, estas mulleres móvense nunha tensión entre unha vida docente e investigadora e unha vida familiar á que non desexan renunciar, e que neste caso é destacado como unha reivindicación, que debería ser asumida en pé de igualdade, tamén polos homes:

Entrevistadora: Pediu permiso no traballo por estes motivos (coidado de familiares)?

A idade de entrada oscila entre menores de 25 (bolseiras) e máis de 39 anos (despois de traballar fóra da Universidade).

O tempo que tardaron en chegar á categoría actual oscila entre 1 ano e 14 anos.

Agás dúas carreiras que se poderían cualificar como meteóricas, o resto tivo que agardar anos para acceder a titular ou a contratada doutora e mesmo a axudanta doutora. Todas as catedráticas agardaron máis dunha década desde o seu posto de titulares.

É de salientar que antes da obrigatoriedade das acreditacións e, sobre todo, nos primeiros tempos da Universidade de Vigo, as traxectorias eran máis curtas.

#### ***Entre dúas institucións voraces: o traballo e a familia. Persoas de dúas carreiras e carreiras de dúas persoas***

As cargas familiares, a presión familiar, tensión entre a dedicación profesional e o coidado de fillas, fillos ou familiares. Todo isto aparece nos relatos das informantes.

As mulleres móvense entre dúas institucións voraces (Coser, 1974) que demandan, ao mesmo tempo e sen tregua, unha lealdade global: o traballo e a familia.

Estes atrancos aparecen ao falar da investigación, das estadías, da xornada diaria; algo que nunca aparece nas carreiras dos homes.

Kemelgor e Etzkowitz (2001), nun estudo sobre as carreiras profesionais das mulleres na

National Science Foundation, salientan a disxuntiva entre adoptar unha estratexia altamente competitiva e masculinizada, renunciando a unha vida persoal e familiar máis satisfactoria, ou ben tratar de sortear obstáculos para conciliar ambas as esferas renunciando, previsiblemente, ao éxito profesional.

Tamén salientan algunhas das entrevistadas que eses problemas non os teñen os homes, pois mesmo moitos deles teñen unha parella (ás veces profesora universitaria) que se ocupa de apoialos e dos coidados. É o que Paula Nicolson (2011) denomina carreiras de dúas persoas (homes) e persoas de dúas carreiras (mulleres).

Tres das entrevistadas salientan, ademais das dificultades de conciliación, os discursos e mesmo accións discriminatorias que tiveron que soportar pola súa condición de mulleres con fillas ou fillos, procedentes de redes persoais e do propio ámbito universitario (departamento, área de coñecemento ou mesmo tribunais). A actuación dunha muller, ao seu favor, foi crucial para a súa promoción. E falamos de situacións actuais, non do pasado.

Tomás e Guillamón (2009) recollen na súa investigación discursos semellantes nos que os colegas masculinos teñen a convicción de que a necesidade de consolidar unha carreira profesional é máis forte no home que na muller.

Marcela Lagarde (2005) afirma que aínda que as mulleres internamente van resolvendo os conflitos que xorden nas súas vidas persoais e profesionais, son recolocadas permanentemente en función do servizo, da obediencia, da capacidade dadora, da capacidade nutricia, da capacidade protectora, e de toda a chamada ética do coidado.

### ***Como concilian vida profesional e persoal: estratexias de supervivencia***

- A maioría das entrevistadas vive en parella con fillas e fillos.
- Outras viven, sen parella, con fillas ou fillos.
- Algunhas viven soas e outras con nais ou pais.
- Once delas teñen contratada axuda externa para os labores domésticos e de coidado, como estratexia de supervivencia (Verde e Vázquez, 2010).
- A terceira parte delas manifesta que se encarga en solitario das tarefas domésticas e de coidado (Emprego do tempo, INE, 2009-2010).
- Algunhas recorreron e recorren ás redes familiares, sobre todo nais, para o coidado das fillas ou dos fillos, e mesmo da parella, durante estadias longas e para desenvolver a súa carreira profesional; nalgún caso encomendándolle a crianza durante anos.

- Máis problemas tiveron e teñen as que, por ser de fóra de Galicia ou estar lonxe da familia, teñen que atender os coidados en solitario.
- Algunhas falan do apoio da súa parella, pero sempre xorde a tensión nas súas decisións persoais: marchar *versus* quedar; seguir adiante *versus* renunciar.
- Algunhas atrasaron a maternidade ata ter unha estabilidade laboral, que agora viven como renuncia a ter máis crianzas. Outras comentan o que perderon por non poder compartir a vida, o tempo de lecer con fillas e fillos.
- En xeral, teñen moi pouco tempo de lecer. Comentan as dilatadas xornadas, de doce horas ou máis, levando traballo para a casa, se queren atender dignamente docencia, investigación e responsabilidades familiares. As dobres ou triplas xornadas.
- Outras tiveron ou teñen que compatibilizar a vida profesional, ademais, co coidado das súas nais enfermas.

#### 4.5. Sobre cargos de xestión

---

Doce das entrevistadas ocuparon ou ocupan cargos de xestión: vicerreitoras, directoras ou secretarias de departamento, decanas, vicedecanas ou secretarias de centro... Todas elas con praza consolidada.

A maioría descríbeos como unha experiencia positiva de aprendizaxe e traballo en equipo, aínda que malia a redución horaria na docencia, hai que manter a investigación e o número de horas de traballo aumenta.

Tamén describen como atrancos a conciliación coas cargas familiares e as presións políticas no seu centro á hora de votar cargos ou de tomar decisións.

Outro problema salientado por unha das entrevistadas é que a xestión das mulleres se mira con lupa; é como «estar sempre no punto de mira».

Son as barreiras invisibles: o teito e as paredes de cristal, o chan pegañento (Tomás e Guillamón, 2009) e a micropolítica das organizacións (Nicolson, 2011).

Só unha profesora manifesta unicamente satisfacción e ningunha dificultade co seu cargo, que lle permite facer o que facía antes porque ten un bo equipo.

Algunhas salientan a importancia das leis de igualdade, plasmadas na paridade dos equipos reitorais, e o importantes que son para facer visibles mulleres interesantes que doutra maneira non serían coñecidas.

Outras celebran que haxa centros nos que hai decanas, vicedecanas, directoras de departamento; algo excepcional en décadas pasadas.

#### **4.6. A súa actividade investigadora**

---

##### ***Os grupos de investigación***

- 60 % maioría de mulleres.
- 20 % equilibrio mulleres-homes.
- 20 % maioría de homes (no ámbito tecnolóxico e nun grupo do xurídico-social).
- Nove delas son investigadoras principais.
- O resto de grupos está dirixido por homes.

##### ***A dirección de proxectos***

- Trece profesoras dirixiron algún proxecto de investigación. Contía entre 3000 € ata máis de 20 000 €.
- Financiados pola Universidade de Vigo, a Xunta de Galicia, o ministerio correspondente, empresas privadas (científico-tecnolóxico), programas europeos (a excepción), contratos con institucións públicas.
- Salientan nestes momentos descensos importantes no financiamento e manifestan que hai moita xente, equipos, en precario.

##### ***A inclusión da perspectiva de xénero***

Oito das entrevistadas introducen a perspectiva de xénero na súa investigación (xurídico-social, artes e humanidades): «Porque son muller e traballo con mulleres»; «Porque teño perspectiva de xénero por formación e por vocación»; «Porque non incluíla implica *sesgos* sexistas na investigación».

No ámbito científico e no tecnolóxico non se introduce en ningún dos casos: pola suposta «neutralidade da tecnociencia» ou porque «non somos capaces de velo».

Nalgunhas convocatorias «puntuá» o feito de levar mulleres no equipo e por iso «mirámolo máis».

### ***Salientan dificultades específicas***

As mulleres que investigan en xénero téñeno máis difícil: para o financiamento, para publicar e mesmo para conseguir acreditacións na ANECA.

Implica facer un dobre currículo ou unha carreira paralela: a da túa área e a de xénero.

Desde que non hai financiamento da Cátedra Feminista nin da Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia, estamos sen un euro.

Ao preguntarlle a un prestixioso profesor do meu ámbito sobre que podía facer para conseguir artigos en revistas de impacto (escaseza delas), respondeume: «Cambia de nicho de investigación».

### ***As publicacións e os sexenios: as redes de vellos amigos***

Publicar en revistas de impacto non é fácil: así maniféstano practicamente todas as entrevistadas, de todos os ámbitos, con excepción dunha profesora do ámbito xurídico-social que di publicar todos os artigos que envía porque a súa produción é a axeitada e sempre lle concederon os sexenios que pediu.

### ***Dificultades***

- Maiores dificultades nos ámbitos xurídico-social e artes-humanidades ca no científico e no tecnolóxico.
- Os homes por historia e tradición son os que teñen máis contactos, pola súa mobilidade para realizar estadias, porque hai máis catedráticos, porque funcionan as «redes de vellos amigos» e as mulleres non as temos, porque as cargas familiares repousan, fundamentalmente, sobre as mulleres...
- O idioma (se non se ten un gran nivel, hai que pagar as traducións e precísase diñeiro).
- É difícil cando se investiga en aspectos que non son os tradicionais da área.
- No caso das investigacións con perspectiva de xénero hai menos revistas e nas áreas non sempre se valoran.
- Precísanse contactos, chamadas (o «mundillo» das revistas). É moi difícil sen axudas externas.
- O tempo: sobre todo as que teñen moita carga docente e grupos moi numerosos (ámbito xurídico-social, pero tamén nos outros ámbitos). Suman a iso a necesidade de tempo para dedicarlle á familia (a maioría leva traballo para a casa).

### *Sobre o sistema de sexenios*

Nas entrevistadas que teñen praza consolidada (o resto non pode solicitalo), o número de sexenios oscila entre 1 e 4. Ao 54 % denegáronlle algún sexenio e, agás unha profesora, afirman que o primeiro foi o máis doado de acadar.

Unha maioría de profesoras critica o sistema, pois considéranlo inxusto por diversas razóns:

- Algunha profesora fala do comercio do que se favorecen un conxunto de axencias, pero non favorece nin a investigación nin a calidade...
- As comisións son moi xenéricas, afirman outras, e non sempre se valora correctamente o que se presenta, porque falta coñecemento concreto da área en cuestión.
- Varias profesoras critican a «meritocracia» e o fixarse exclusivamente nos artigos publicados sen valorar o que hai detrás da investigación (sen distinción de ámbito). Hai xente máis preocupada por publicar que por investigar, din, e non é a mesma cousa. Isto xera malas prácticas: o publicar por publicar, non importa que, o buscarlle o «tranganillo» á técnica de publicar, os contactos, as redes *clientelares*, as redes de vellos amigos (Amorós, 2009).
- Desde o ámbito científico critican os «reviews» porque se valoran moito e non supoñen que se estea a investigar: «Só pechase no despacho e reproducir discursos ou traballos doutras xentes...».
- Non hai obxectividade garantida entre unhas comisións e outras; a valoración mesmo varía segundo a composición das comisións.

Non falta quen gabe as súas virtudes:

Dúas profesoras do ámbito tecnolóxico e tres do xurídico-social falan da súa «necesidade» para valorar o traballo de investigación e porque é algo «práctico e ben estruturado» ou porque realmente valoran os «méritos cando se fai ben», ou porque «incentivan a investigación».

Dúas das profesoras que fan estas afirmacións non teñen praza consolidada e non os poden solicitar.

#### **4.7. A súa docencia**

---

- Todas as profesoras informantes mostran insatisfacción coa falta de valoración da docencia e presentan as súas queixas sobre diferentes aspectos.
- Ao 15 % das entrevistadas gústalle especialmente a docencia.

- Porque resulta estimulante estar co alumnado ou por contribuír a desenvolver o pensamento crítico.
- O 55 % manifesta que lle gustan en igual medida a docencia e a investigación.
- O 30 % preferiría dedicarse á investigación en exclusiva (ámbito científico e tecnolóxico)

### *As dificultades*

A docencia está moi mal valorada. Non conta, practicamente...

As enquisas de avaliación docente están mal formuladas e son unha sorte de mercantilización, como se o alumnado fose o cliente e non poden ser o único elemento de valoración. Se alguén non resulta simpático..., se non deixa que o alumnado faga o que queira..., se o nivel de esixencia é máis alto que o doutros colegas..., é mal valorado.

Algunha profesora afirma que lle gustaría que alguén a filmase para ter un elemento de valoración máis preciso.

Quéixanse de grupos moi grandes, ás veces ata 95 ou 100 persoas matriculadas nos grupos A (xurídico-social), co que iso implica de sobrecarga de traballo á hora de xestionar aulas e de avaliar. As profesoras do ámbito científico e do tecnolóxico quéixanse de grupos de máis de 30 persoas. É evidente que existe un desequilibrio nos diferentes ámbitos.

Solicitan estabilidade nos plans de estudos e máis semellanzas entre os de distintas universidades. Nalgúns centros e departamentos aparecen de novo «grupos de presión» e «presións políticas».

Salientan a falta de recursos humanos para implantar Boloña e que realmente se leve adiante a filosofía que implica de atención personalizada e cambio de modelo docente.

Moita burocracia cos sistemas de calidade. Cren que a cantidade de papeis que hai que cubrir é «desmedida» e «irracional».

Precísase moito tempo para dedicarlle á docencia: preparar, avaliar, sobre todo cando hai moita carga docente e grupos grandes (xurídico-social).

Algunhas das máis novas sinalan problemas de falta de educación nas aulas, sobre todo por parte de alumnado masculino en titulacións moi masculinizadas.

De novo aparecen dificultades de conciliación entre docencia, investigación e vida familiar.

### ***Dirección de traballos de fin de grao e de fin de mestrado***

A meirande parte dos traballos dirixidos, mesmo nos ámbitos e nas titulacións máis masculinizadas, tiveron mulleres como titorandas.

### ***Percepción respecto a alumnas e alumnos***

Láianse do escaso futuro que ten o alumnado na situación actual e avogan porque aprendan e estean ao día.

### ***Presenza de estereotipos***

Asígnanlles ás alumnas calidades como a laboriosidade, ser organizadas, constantes, educadas, motivadas, disciplinadas e ordenadas. Obteñen mellores notas.

Atribúenlles aos alumnos ser atrevidos, arriscados e prácticos, peores planificadores e, por iso, os seus resultados, as máis das veces, son peores.

### ***En contra dos estereotipos***

Unha profesora salienta que non ten sentido que as alumnas intenten identificarse co modelo masculino, sobre todo en titulacións marcadamente masculinizadas. Propugna elevar a autoestima das alumnas, que aprendan a valorar as súas calidades e potencialidades.

Outra profesora apunta a necesidade de que os alumnos sexan conscientes de que o modelo patriarcal tamén ten desvantaxes para eles e de crearlles incomodidade cos estereotipos masculinos de desorganizados e pouco reflexivos.

## **4.8. A súa traxectoria sería a mesma de ser home?**

---

O 50 % afirma que de ser home a súa traxectoria sería a mesma e nega diferenzas. Algunha afirma que «nunca se pensou que o xénero fose unha variable que puidese influír en absoluto; é cuestión de competencia, traxectoria e experiencia».

O 50 % restante tenta argumentar e racionalizar a situación:

Se non foses muller e non tiveses fillos, seguramente poderías facer moitas máis cousas... Cando tiven homes ao meu cargo non levaban nada ben que fose a xefa... Se fose un home ninguén o cuestionaría. Eu non podo facer estadías longas porque tería que levar a familia comigo.

Os homes da miña promoción colocáronse moito antes ca nós. Case estaba condicionado... se as prazas eran de homes ou de mulleres.

Sería diferente, sobre todo polas relacións con moitos homes no meu ámbito... queren estar en todo e fan moi pouco... Se fose home podería ter ascendido moito antes.

Si, sería diferente, as expectativas que tiñan sobre min serían diferentes, alguén podería ter pensado en min para cargos ou para outras situacións... Levo visto moito sexismo paternalista, máis que do outro, sendo estudante e despois.

Os homes, no meu centro, organízanse en redutos; son os grupos de presión dos que falaba antes...

Os homes non autocuestionan as súas competencias, non teñen cargas familiares e sempre están dispostos a ocupar cargos.

Cando se pensa en nós para cargos é pola lei e pola obriga de cumprir coa paridade. Pero grazas á lei descubres que hai mulleres ben interesantes, pero en principio estamos case sempre por lei. Necesitamos unha *chica*.

#### **4.9 A existencia e a necesidade das unidades de igualdade nas universidades**

---

O 60 % das entrevistadas di coñecer a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e as actividades que desenvolve.

O 40 % restante non a coñece ou di coñecela pouco:

A maioría cualifica estas unidades de necesarias, moi oportunas. Pertinentes para conseguir a igualdade de xénero e outras cousas.

Deberían ter máis dotación, máis poder e ter máis presenza nas universidades.

Teñen que funcionar; as actividades están ben, pero ten que facer máis traballo «por dentro».

Teno moi difícil porque é defender un discurso contraposto ao do ámbito administrativo da universidade.

As que non a consideran necesaria, ou si... pero:

Non me gusta ter que forzar as cousas, pero se a puxeron aí por algo sería. Non estou a favor das cotas.

Habería que xulgar polos apelidos sen nome; o que vale é o que ten que facer as cousas.

A Unidade de Igualdade pode valer para outras mulleres pero non para min. A síndrome da abella raíña (Nicolson, 1997):

Eu non tiven máis dificultades por ser muller... Souben converter as dificultades nunha oportunidade... pero outras mulleres poden ter dificultades.

Non faltan as interpretacións utilitaristas; neste sentido, unha profesora, que nega a existencia de sexismo en todos os ámbitos, aproba a súa existencia porque:

Está facendo labor de sensibilización no uso da linguaxe inclusiva... conseguir unha sociedade máis igualitaria... e **fai que existan subvencións e proxectos** que os propios investigadores temos presentes á hora de visibilizar as nosas investigacións.

#### 4.10 A falta de reitoras nas universidades públicas e a escaseza de catedráticas

---

As respostas á realidade das universidades, respecto a este aspecto, oscilan entre a estatística, as responsabilidades familiares, o sexismo e incluso o determinismo bioloxicista.

A estatística como causa:

Hai menos catedráticas e hai menos posibilidades de que sexan reitoras. É unha cuestión de estatística.

Non é cuestión de sexismo; o certo é que hai máis catedráticos que catedráticas.

Aparece novamente o problema das responsabilidades familiares que recaen nas mulleres como causa:

Como se precisa tempo para a docencia, a investigación e os asuntos familiares, non tes esa dispoñibilidade para estar sempre «aí».

Tamén é que moitas mulleres priorizan outras cousas... e tamén «chupamos» todo o que ten que ver cos coidados...

O machismo latente e as redes de vellos amigos:

As doses de machismo seguen aí e non é fácil ceder o paso cando se é home...

Os homes teñen a axuda das súas parellas femininas, mesmo aínda que sexan investigadoras e profesoras. Partindo da desigualdade, é difícil que unha muller chegue a cargos tan elevados.

Non se *promociona* a mulleres. A ambición considérase cousa de homes e negativa; *sen embargo*, ten aspectos positivos como valorar positivamente as túas achegas ao desenvolvemento da institución. Agardo que no futuro as mulleres se postulen e que haxa máis reitoras nas universidades.

No primeiro que se pensa é nun home. Os homes pensan en homes para os cargos e as mulleres tamén. Eles autopropóñense e usan as súas redes. As mulleres, en xeral, nin temos redes nin nos autopropoñemos... Teñen que superar tantos atrancos que dicimos: «Ata aquí cheguei e estou a gusto...».

Os homes crean circuitos de poder e discuten nos corredores e tomando viños... O máis importante non son os debates nos órganos... Xa vén decidido de antes.

## Casos de discriminación:

Hai moitos casos de discriminación. Podo falar dunha universidade de moito prestixio no que unha muller, a primeira da súa promoción, non foi seleccionada para un posto e seleccionaron un home con menos méritos.

A comunidade científica é androcéntrica, totalmente androcéntrica por historia e tradición. Eu podo poñer o exemplo de cando me presenteí á oposición embarazada de oito meses e nin unha cadeira me ofreceron para soportar catro horas de pé. O outro candidato era un home e, obviamente, non estaba embarazado. Á parte dos comentarios sexistas dun membro do tribunal, cando rematou a votación (moitas horas despois) outro membro do tribunal manifestou que era mágoa que gañase eu a praza porque a comunidade científica ía perder un posto e se a praza lla «desen» ao outro candidato, a Universidade de Vigo gañaría máis en produción científica... porque eu ía ser nai...

## Non falta quen recorra ao determinismo bioloxicista:

Porque os homes teñen adición polo poder e iso ten que ver coa testosterona...

## **5. A modo de conclusións e propostas de mellora da situación**

---

A análise de traxectorias de profesoras da Universidade de Vigo manifesta un perfil marcado polo esforzo, a constancia, o afán de superación, o sacrificio, a loita contra os estereotipos presentes na contorna e na propia institución, así como a difícil compatibilización das responsabilidades familiares coa carreira académica no referente a docencia, investigación e mesmo o desempeño de cargos de xestión. Tamén aparecen manifestacións de machismo explícito na propia institución.

Os problemas de conciliación entre a carreira académica e as responsabilidades familiares xorden nos discursos sobre docencia, investigación, promoción, desempeño de cargos, practicamente, en todas as informantes, en todos os ámbitos, en todas as idades, en todas as categorías, con independencia de que investiguen ou non en xénero.

As profesoras que investigan en xénero salientan maiores dificultades á hora de publicar, acadar financiamento e mesmo de conseguir acreditacións na ANECA.

Pero, ademais, os discursos das profesoras informantes constitúen unha fonte importante de reflexión sobre diversos aspectos do sistema universitario, como mostran os seus discursos acerca do Plan Boloña, o sistema de sexenios ou a docencia.

Semellan de particular interese os discursos sobre a docencia, no sentido da falla de valoración desta mentres se incentiva a investigación mediante o sistema de sexenios, que se

crítica desde todos os ámbitos, aínda que no caso do ámbito xurídico-social a crítica é ben máis relevante pola maior carga docente e ratio de alumnado.

Cómpre salientar que esta circunstancia de escasa ou nula valoración da docencia é recoñecida en diversos estudos e investigacións. A este respecto, Bolívar (2009) afirma que «á parte doutros factores, o auténtico cambio de cultura é que o ensino e a investigación formen parte dunha mesma tarefa e estándares», e avoga por un modelo denominado *scholarship of teaching and learning* á maneira de prestixiosas universidades estranxeiras: «A Carnegie Foundation está impulsando un amplo movemento de renovación da educación superior creando en moitas universidades institucións para impulsar os devanditos esforzos e recoñecéndolle ao profesorado a investigación que realiza na súa docencia».

Pero o citado Bolívar vai máis aló e continúa: «As vantaxes do enfoque [*scholarship*] son indubidables; a didáctica non é algo engadido aos contidos, tampouco non é unha cousa de pedagogos; pola contra –como deberá ser obvio– debe formar unha dimensión do seu propio traballo como docente e investigador. Encara o ensino como o fai coa investigación e responde aos mesmos parámetros ou estándares».

O termo *scholarship* é de difícil tradución, mais as palabras de Schulman (2004) aclaran o termo e a súa importancia: «The scholarship of teaching and learning ultimately improves student learning and occurs when our work as teachers becomes public, peer-reviewed and critiqued whit othe members of our profesional communities to they, in turn, can build on our work. These are the qualities of all scholarship».

Noutra orde de cousas e volvendo á análise de xénero, débese salientar unha cuestión de suma importancia que, en moitas ocasións, non se ten en conta á hora de elaborar plans de igualdade ou de establecer medida de acción positiva.

Non se debe partir, en exclusiva, das carencias ou dificultades das mulleres, senón das súas potencialidades e do seu valor para o desenvolvemento da institución (Poal, 1993). A sociedade do século XXI non se pode permitir o luxo de prescindir ou infravalorar o talento das mulleres (Osborn, 2008). Partir do «paradigma da debilidade» (Álvarez Lires *et al.*, 2003), é dicir, considerar as mulleres como colectivo ao que sempre lle falta algo para igualarse co patrón e coa norma masculina, non transforma a realidade e mesmo pode causar os efectos contrarios dos que se pretenden, pois moitas mulleres poden sentirse infravaloradas e reaccionar contra as medidas de acción positiva.

Se malia as dificultades que as mulleres deben superar, estas vanse abrindo camiño e accedendo a postos e categorías académicas impensables hai tres ou catro décadas, tal avance non se debe a que o tempo vai arranxando as cousas nin á benevolencia das institucións, senón á loita e á constancia de colectivos de mulleres que conseguiron facer a revolución máis importante da historia (Nash, 2014) e cambiar as leis. Esta é unha potencialidade importantísima para a institución universitaria, pois indica unha forte capacidade de transformación en sentido positivo.

Tendo en conta o antedito, propóñense as seguintes actuacións, sen afán de exhaustividade, para mellorar a situación das profesoras:

- Facer visibles as profesoras: investigar onde están as mulleres da Universidade de Vigo, que fan e cales son ou poden ser as súas achegas ao desenvolvemento da institución.
- Elaborar un DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas, oportunidades).
- Revisar o Plan de igualdade á luz da súa avaliación e dos resultados do DAFO.
- Elaborar un novo plan de igualdade á luz do diagnóstico actualizado.
- Establecer medidas concretas de acción positiva, das que poden ser exemplo as boas prácticas no MIT e no CSIC, así como as recollidas en informes da Unión Europea (ETAN e She Figures) ou no Why so Few da American Association of University Women (AAUW). Todos os casos citados mostran como o establecemento de medidas concretas de acción positiva nas institucións non leva a crear *ghettos*, senón a mellorar a situación das mulleres e da propia institución.
- Prestar atención ás dificultades específicas existentes segundo o ámbito de coñecemento.
- Establecer mentorías femininas a prol da promoción de mulleres.
- Crear redes de mulleres no mesmo sentido.
- Fomentar a investigación con perspectiva de xénero que, alén da declaración de intencións, leve aparellado o establecemento de medidas concretas na Universidade de Vigo.
- Establecer un programa integral que recolla, entre outros aspectos, a creación de servizos de apoio ás responsabilidades familiares como Campus Camp e creación de escolas infantís como a existente no Campus de Pontevedra.

Finalmente, sería preciso investigar acerca das traxectorias de homes na Universidade de Vigo: en que se diferencian das traxectorias das súas colegas? Igualmente, é preciso realizar

un estudo sobre as traxectorias das mulleres pertencentes ao persoal de administración e servizos (PAS).

## 6. Bibliografía

---

- ACKER, SANDRA (1995): *Género y educación*. Madrid: Narcea.
- ALBERDI, INÉS (1996): «O poder das mulleres nas institucións públicas», en Rita Radl (ed.): *Mujeres e institución universitaria en Occidente. Conocimiento, investigación y roles de género*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 69-86.
- ÁLVAREZ LIRES, FRANCISCO JAVIER (2012): *Psicología, género y educación en la elección de estudios de ingeniería* (tese de doutoramento). Valladolid: Universidad de Valladolid [en liña]. Disponible en: <https://uvadoc.uva.es/bitstream/10324/2676/1/TESIS2649-130324.pdf>.
- *et al.* (2014): «Elección de estudios de ingeniería: influencia de la educación científica y de los esteotipos de género en la autoestima de las alumnas», *Revista de Investigación en Educación*, 12, 54-72.
- ÁLVAREZ LIRES, MARÍA M.; TERESA NUÑO e NURIA SOLSONA (2003): *Las científicas y su historia en el aula*. Madrid: Síntesis.
- BOLÍVAR, ANTONIO (2009): *Diseñar e avaliar por competencias na universidade. O EEES como reto*. Vigo: Universidade de Vigo, Vicerreitoría de Formación e Innovación Educativa.
- JIMÉNEZ, MARTA (2003): «El género en el profesorado. El caso de las profesoras universitarias», *Clepsydra*, 2, 71-101.
- LAGARDE, MARCELA (2005): *Para mis socias de la vida*. Madrid: Horas y Horas.
- NASH, MARY (2014): *Feminidades y masculinidades: arquetipos y prácticas de género*. Madrid: Alianza Editorial.
- NICOLSON, PAULA (1997): *Poder, género y organizaciones*. Madrid: Narcea.
- NICOLSON, PAULA e ROWAN BAYNE (2012): *Psychology for Social Work Theory and Practice* (4.<sup>a</sup> ed.). Londres: Palgrave Macmillan.
- OSBORN, MARY (2008): «Cómo lograr la equidad de género en ciencia. Ciencia en femenino», *SBBM*, 158, 16-20.
- POAL, GLORIA (1993): *Entrar, quedarse, avanzar*. Madrid: Siglo XXI.
- SHULMAN, LEE (2004): *Teaching as community property: Essays on higher education*. P. Hutchings (ed.). San Francisco: Jossey-Bass, Inc.

- TOMÁS, MARINA e CRISTINA GUILLAMÓN (2009): «Las barreras y los obstáculos en el acceso de las profesoras universitarias a los cargos de gestión académica», *Revista de Educación*, 350, 253-275.
- UN-INTRAW: [en línea]. [Ref. do 8 de marzo de 2008]. Disponible en: <http://www.uninstraw.org/>.
- VALLES, MIGUEL (1997): *Técnicas cualitativas de investigación social: reflexión metodológica y práctica profesional*. Madrid: Síntesis.
- VERDE, CARMEN e IRIA VÁZQUEZ (2010): «A perspectiva de xénero na análise dos fenómenos migratorios», *Revista Xénero Humano*, 2, 47-59.

## 7. Anexo. Guión da entrevista da traxectoria persoal e profesional das profesoras da Universidade de Vigo

---

### Categoría profesional actual

- Catedrática
- Profesora titular
- Contratada doutora
- Axudanta doutora
- Asociada
- Outras

### Idade:

### Bloque 1. Estudos

Lugares onde estudou (localidade):

- Estudos primarios:
- Bacharelato:
- Estudos superiores (universidade):
- Estudos de terceiro ciclo:

Que quería estudar cando cursaba estudos de bacharelato?

Puido estudar a carreira que desexaba?

- Si
- Non

Que quería a súa nai que estudase? Que quería o seu pai que estudase?

As expectativas que sobre os seus estudos tiña a súa familia estaban relacionadas con algunha profesión, actividade ou desexo familiar?

- Si. Cales?
- Non

As citadas expectativas cadraban cos seus desexos?

- Si
- Non

Sentiuse apoiada pola súa familia na elección dos seus estudos?

- Si
- Non

Estudou con bolsa?

- Non
- Si
  - No bacharelato?
  - Na universidade?
  - No terceiro ciclo?

Compatibilizou os estudos na universidade con algún traballo?

- Si. Cal?
- Non

Onde realizou os estudos de primaria?

- Centro público
- Privado concertado (laico ou relixioso)
- Privado (laico ou relixioso)

Onde realizou os estudos de bacharelato?

- Centro público
- Privado concertado (laico ou relixioso)
- Privado (laico ou relixioso)

Cal foi a opción escollida?

- Ciencias
- Letras
- Mixta
- Tecnoloxía

Tivo algún atranco para estudar a carreira que desexaba?

- Si. Cales?
- Non

Onde realizou os estudos superiores?

- Universidade pública
- Universidade privada

Que carreira estudou?

Por que estudou esa carreira?

- Foi algo vocacional?
- Algún atranco?
- Cantos anos lle levou rematar os estudos superiores?

Cantos anos pasaron dende que rematou os estudos ata que comezou a traballar?  
(no caso de que non compatibilizase estudos con traballo):

Cal foi o seu primeiro traballo?

Realizou a tese de doutoramento?

- Ao rematar a carreira
- Anos despois
- Está a realizala
- En que universidade?
- Algún atranco?
- Idade ao rematar a tese:

Mentres realizaba a tese estaba traballando?

- Si. Na universidade ou fóra dela?
- Non

Cal era a categoría profesional da persoa que lle dirixiu a tese?

- Home

- Muller

Cal era a súa situación familiar ao rematar a tese?

- Solteira
- Casada
- Tiña ou non fillas/os, familiares dependentes
- Cantos?

## **Bloque 2. Traxectoria profesional na Universidade de Vigo**

Cantos anos leva traballando na Universidade de Vigo?

- Menos de cinco
- Máis de cinco
- Máis de dez
- Máis de quince
- Máis de vinte

Realizou outros traballos antes ou ao mesmo tempo (traxectoria continua ou discontinua)?

- Si
- Non

Con que categoría profesional comezou a traballar na Universidade de Vigo e como se desenvolveu a secuencia temporal (facilidades, atrancos)?

- Bolseira
- Profesora convidada
- Listaxes de contratación
- Axudantadoutora
- Contratada doutora
- Asociada
- Outra:
- Algún atranco?

Cantos anos tardou en ascender de categoría ata a situación actual?

- Máis de tres
- Máis de cinco
- Máis de dez
- Máis de quince
- Outros:
- Algún atranco?

Que tipo de requisitos tiña que cumprir cando vostede se fixo TU, ou CU, ou CD, ou AD?

Tivo algún cargo dentro da Universidade?

- Vicerreitora ou outros cargos de libre designación (cales?)
- Decana
- Vicedecana
- Directora de departamento
- Secretaria de departamento
  - Durante canto tempo?
  - Como o viviu?
  - Como o vive?
  - Algún atranco?

Compaxina o seu traballo na UVigo con outra actividade profesional?

- Si. Pública ou privada? Que actividade?
- Non

Traballou noutras universidades?

- Si
- Non

### **Bloque 3. Investigación**

Pertence a algún grupo de investigación?

- Si

- Non
- Algún atranco?

É a investigadora principal?

- Si
- Non

Comparte a dirección do grupo con alguén?

- Si. Home ou muller?
- Non

Dirixiu algún proxecto de investigación?

- Non
- Si. Cantos?
  - Menos de cinco
  - Máis de cinco
  - Máis de dez
  - Máis de quince

E de innovación educativa?

- Si
- Non

En cantos é ou foi vostede a investigadora principal?

- Ningún
- Menos de cinco
- Máis de cinco
- Máis de dez
- Máis de quince

Cantas persoas compoñen o grupo de investigación?

- Número de persoas:
- Homes:

- Mulleres:

Que categoría profesional ten a persoa que dirixe o grupo de investigación ao que pertence (se non é vostede)?

- Categoría profesional:
- Home
- Muller

Os proxectos de investigación que vostede liderou como investigadora principal, quen os patrocinou?

- A Universidade de Vigo
- A Xunta de Galicia
- I + D + I estatal
- Algún programa europeo de I + D + I
- Algunha empresa privada
- Algunha institución pública mediante contrato
- Outros

A contía dos proxectos de investigación nos que participou ou participa ascende a:

- Menos de 3000 euros
- Máis de 3000 euros
- De 6000 a 12 000 euros
- De 12 000 a 20 000 euros
- Máis de 20 000 euros

Nos traballos de investigación inclúen a perspectiva de xénero?

- Si
- Non
- Por que?

Realizou estadias noutras universidades?

- Si. Españolas? Estranxeiras?
- Non
- Canto tempo en cada unha?

En que momento da súa traxectoria profesional?

Tivo algún tipo de atranco para realizalas?

- Familiar
- Económico
- Outros

Pertence vostede a algunha rede de investigación?

- Española
- Estranxeira

Pertence a asociacións profesionais?

- Españolas
- Internacionais

Ocupou cargos nalgunha delas?

- Si
- Non

Asiste a congresos con frecuencia?

- De ámbito nacional
- De ámbito internacional

Tivo ou ten algún tipo de atranco para participar neles?

- Si. Familiar? Económico?
- Non

Convídana a dar conferencias?

- Si, con frecuencia
- Nacionais
- Internacionais
- Non

- Ás veces

#### **Bloque 4. Publicacións**

Ten publicacións en revistas de impacto?

- Si
- Non
- Por que?

Pensa que é fácil publicar nesas revistas?

- Si
- Non
- Por que?

Cal é a situación da súa área de coñecemento?

- Non é boa, hai poucas revistas
- Boa, hai moitas

Ten publicacións en revistas da súa área ou ámbito?

- Si
- Non

#### **Bloque 5. Sexenios**

Cantos sexenios ten? (Só para persoal a tempo completo a partir de contratadas doutoras; o resto non pode pedirlos):

Desde a implantación do sistema de sexenios ou desde que vostede puido solicitalos, canto tempo transcorreu ata que o conseguiu?

Denegáronlle algún?

- Si
- Non

Resúltalle ou resultoulle complicado conseguilo?

- Si
- Non

Cal é a súa opinión sobre o sistema de sexenios?

### **Bloque 6. Dirección de proxectos de fin de grao**

Dirixiu algún proxecto de fin de grao?

- Si
- Non

Número de proxectos de fin de grao que dirixiu no último curso:

- Menos de cinco
- Máis de cinco

Sexo das persoas ás que lle dirixiu o proxecto:

- Mulleres
- Homes

### **Bloque 7. Dirección de teses e proxectos de fin de mestrado**

Dirixiu algunha tese de doutoramento?

- Si. Cantas?
- Non

Das persoas ás que lles dirixiu a tese?

- Número de mulleres:
- Número de homes:

Dirixe algunha tese na actualidade?

- Si
- Non
- Número de mulleres e homes:

Dirixiu algún proxecto de fin de mestrado:

- Si. Cantos en total?
  - Menos de cinco
  - Máis de cinco
- Non

Persoas ás que lle dirixiu o proxecto:

- Mulleres:
- Homes:

## **Bloque 8. Docencia na Universidade de Vigo**

Cantos anos leva impartindo docencia na Universidade de Vigo?

- Menos de cinco
- Máis de cinco
- Máis de dez
- Máis de quince
- Máis de vinte

Impartiu docencia noutras universidades? Grao, posgrao?

- Si
- Non

Impartiu docencia noutras institucións?

- Institutos
- Centros de formación profesional
- Centros de EP
- Centros de EI
- Outros

Traballou sempre no mesmo departamento?

- Si
- Non

Cantas persoas forman o departamento ao que pertence?

- Número de mulleres:
- Número de homes:

A persoa que dirixe o departamento é:

- Home
- Muller

A persoa que leva a secretaría é:

- Home
- Muller

Das persoas que dirixiron o departamento:

- Cantas mulleres?
- Cantos homes?

E a secretaría?

- Cantas mulleres?
- Cantos homes?

Algún atranco?

Que é o que máis lle gusta da súa profesión?

- A docencia
- A investigación
- Ambas
- Por que?

Que atrancos atopa neste ámbito?

- Na docencia:
- Na investigación:

En que cursos imparte docencia?

- 1.o curso
- 2.o curso
- 3.o curso
- 4.o curso

En que cursos se sente mais cómoda? Por que?

Imparte docencia en:

- Graos
- Mestrados
- Posgraos

Cre que a docencia está ben valorada para os efectos de méritos e recoñecemento?

Gústalle traballar na Universidade de Vigo?

- Si
- Non

Que é o que máis lle gusta da docencia?

E o que menos?

Cambiaría algo?

- Si
- Non

Como describiría o ambiente de traballo?

- Bo
- Malo
- Regular

En relación co alumnado?

- Bo
- Malo
- Regular

En relación coas compañeiras e compañeiros de departamento?

- Bo
- Malo
- Regular

En relación co resto de profesorado?

- Bo
- Malo
- Regular

Que cambiaría na Universidade de Vigo?

- Nada
- Algunha cousa
- Moitas cousas
- Que cousas?

Podería describir un día tipo da súa xornada laboral?

Cantas horas de media pasa na universidade?

A que lle dedica máis tempo?

- Á docencia e á súa organización
- Á investigación

Está satisfeita coa implantación do Plan Boloña?

- Si
- Non

Que cambiaría?

Que calidades ve no alumnado?

Que calidades bota de menos?

Que calidades ve nas alumnas?

E nos alumnos?

Que calidades bota de menos nas alumnas?

E nos alumnos?

Ás súas clases asisten máis alumnas ou alumnos?

Ve diferenzas entre ambos os grupos no rendemento académico? Resaltaría algunha diferenza?

### **Bloque 9. Situación familiar actual**

Persoas coas que convive:

- Parella
- Número de fillas:
- Número de fillos:
- Pai
- Nai
- Outras persoas

Quen realiza acotío as tarefas domésticas?

Ten contratada axuda?

- Si
- Non
- De forma ocasional

Quen realiza maiormente estas tarefas?

- Facer as comidas
- Facer a compra
- Facer a limpeza dos baños
- Poñer a lavadora
- Pasar o ferro
- Coidado de fillas, fillos ou familiares

Destas tarefas, cal é a que máis lle gusta facer?

E a que menos?

Algún comentario?

Algún atranco?

En caso de contar con axuda externa, quen realiza as tarefas a fin de semana?

En caso de ter descendentes menores de idade:

- Quen se ocupa, en maior medida, do seu coidado?
- Quen leva as crianzas ao colexio?
- Quen organiza a vida escolar?
- Quen asiste ás titorías?
- Quen acompaña ás actividades extraescolares?
- E ás festas, aniversarios?
- Quen merca a roupa?

- Quen acompaña ás revisións médicas?
- Pediu algún día de permiso no seu traballo por estes motivos?
  - Si
  - Non

Conta con algunha axuda para estas tarefas?

- Non conta con axuda
- Conta con axuda
- Que tipo de axuda?
- Familiar (que grao de parentesco?)
- Outro tipo de axuda

Algún atranco para compatibilizar a crianza das fillas e fillos ou de atención a familiares maiores co seu traballo?

En caso de ter persoas ascendentes ao seu cargo (pai,nai...) ou ascendentes da súa parella:

- Conviven con vostede?
- Pai
- Nai
- Outros familiares
- Non conviven pero superviso as súas necesidades

## **Bloque 10 . Datos identificativos e familiares**

Lugar de nacemento:

Lugar de residencia:

Lugar de traballo:

Lugar de procedencia da nai: Lugar  
de procedencia do pai: Estudos da  
nai:

Profesión:

Estudos do pai:

Profesión:

Lugar ou lugares de residencia familiar:

Anteriores:

Residencia actual:

Número de irmáns:

Estudos:

Profesión:

Número de irmás:

Profesión:

Lugar que ocupa:

### **Bloque 11**

Ten a sensación de que deixou algo afastado, de que perdeu ou sacrificou algo polo seu traballo?

- Si
- Non

Ten algunha afección?

- Non
- Si
- Cal ou cales?
- Canto tempo lle dedica ao día, á semana ou ao mes?

Practica algún deporte?

- Non
- Si
- Cal ou cales?
- Canto tempo lle dedica ao día, á semana ou ao mes?

Está satisfeita coa súa actividade profesional?

Modificaría algunha cousa?

Cre que o feito de ser muller influíu na súa traxectoria profesional?

Se fose home, cre que sería igual?

- Si
- Non
- Penso que iso é indiferente

No seu departamento, na súa facultade, pénsase máis en homes que en mulleres á hora de propoñer nomes para cargos ou para elaborar candidaturas?

- Si
- Non
- Penso que iso é indiferente
- Outros

Para a dirección do decanato, da secretaría, postos de dirección..., hai diferenza entre uns e outros cargos á hora de propoñer unha muller?

- Si
- Non
- Penso que iso é indiferente

Que pensa da existencia de unidades de igualdade nas universidades?

Coñece vostede a actividade da Unidade de Igualdade da UVigo?

- Si
- Non
- Coñece algunha actividade concreta levada a cabo por esta unidade?

Comente o feito de que na historia da Universidade de Vigo non houbera nunca unha muller reitora e que só nunha ocasión se presentase unha muller. A que cre que se debe este feito?

- Non hai mulleres competentes na UVigo?
- Non se pensa nelas para ese cargo?
- As mulleres non queren?

- Outros

## **Bloque 12. Sobre apoios e mentorías**

Tivo vostede unha mentora ou mentor cando comezou a súa carreira profesional? Tivo algún apoio especial dentro do seu departamento?

Universidade de Vigo

Unidade de Igualdade